



MENSAXE DO SÍNODO DIOCESANO AOS SEGRARES

Os membros da Asemblea Sinodal queremos dirixirnos a tantos homes e mulleres que viven a súa vocación bautismal no seo da Igrexa en Ourense. Vós sodes o rostro máis numeroso desta Igrexa e por selo, queremos facervos chegar a certeza de que a experiencia sinodal foi unha vivencia intensa do dinamismo co que o Espírito Santo bendiciu a toda a comunidade crente que peregrina polas nobres terras ourensás. Entre as moitas cousas que nos ensinou o camiño sinodal destaca o sentido de pertenza á Igrexa. Ninguén nace aprendido. Aprendemos a realizar moitas cousas ao longo da vida e facémolo grazas ás persoas que nos queren ou que se relacionan connosco. Aprendemos na medida que camiñamos xuntos. De nenos dicíase que a camiñar apréndese camiñando; do mesmo xeito, a ser Igrexa apréndese sendo e vivindo a experiencia dunha Igrexa viva, existencialmente vivida, querida, celebrada.

Convidámosvos a que vaiades abrindo o voso corazón a todo aquilo que se propuxo nas sesións da Asemblea Sinodal; todas esas reflexións sempre tiñan diante o rostro dunha persoa, a de cada un de vós. Sabedes ben que a etapa máis problemática e difícil comeza agora: a etapa postsinodal; ou se queredes, sería mellor dicir que agora comeza o momento no que xuntos fagamos a experiencia de camiñar, poñendo en práctica todo o que o Espírito nos iluminou a través dos momentos de oración e de reflexión persoal e comunitaria. Esperamos que se convertan en puntos luminosos de referencia eclesial e en proxectos de vida non só comunitaria, senón tamén persoal porque o dinamismo da sinodalidade é unha corrente vivificante do Espírito que quere renovarnos a nós e, por conseguinte, ás nosas comunidades cristiás de referencia.

Somos conscientes de que non vai ser un camiño fácil, e que vos atoparedes con que sairán ao voso paso *os profetas de calamidades* que nunca faltan; pero ben é certo que este camiño sinodal tennos que axudar a comprender, coa intelixencia do corazón como nos diría o papa Francisco, que *o camiño da sinodalidade é o camiño da Igrexa do terceiro milenio*; e que este estilo de camiñar, antigo como o Evanxeo, é perennemente novo

grazas á forza do Espírito que nolo ofrece hoxe, agora e aquí, para que todos nós poidamos responder aos retos da nova tarefa evanxelizadora.

Vós, os segrares, que estades chamados a vivir a vosa vocación encarnados no medio das diversas tarefas da sociedade contemporánea, sodes os encargados de dar voz e sentido ás estruturas sinodais que a Igrexa estableceu para mellorar a vida das nosas comunidades, especialmente das nosas parroquias, que son a expresión viva da Igrexa no medio das casas dos seus fieis. Convidámosvos a que vos comprometades a formar parte dos consellos pastorais e económicos das vosas parroquias, do arciprestado ou das unidades de atención parroquial. Aí atoparedes as canles axeitadas para unha vivencia pastoral máis rica e comprometida que nos axudará a todos a vivir a espiritualidade de comunión propia de todo camiño sinodal.

Por vocación, os segrares atopádesvos inmersos na problemática actual da nosa sociedade; por iso, non sodes alleos ás formulacións democráticas, electorais ou populistas que impregnan a mentalidade dos cidadáns, tamén a nosa. Con todo, a experiencia sinodal ensinounos a descubrir que o verdadeiro sentido da sinodalidade – camiñar xuntos, camiñar unidos – é un don do Espírito que se nos concede a todos e a cada un dos bautizados que desexamos ser homes e mulleres de comunión. Sabemos que a sinodalidade non consiste en solicitar votos, nin vencer vontades para un proxecto ideolóxico; nin sequera consiste en alzar as mans para que coa forza dos votos constituamos “novos” dogmas para unha “nova” Igrexa que moi pouco tería que ver con aquela que por vontade de Xesús se fundou sobre a pobreza dos Apóstolos. Experimentamos, vivencialmente, que a Igrexa é un misterio de comunión que fai visible o rostro de Xesucristo no medio de nós, que se fai camiño, verdade e vida para que sendo fieis ao seu Evanxeo nos deixemos transformar pola forza fecunda da súa graza e contribuíamos a que se fagan novas todas as cousas.

A Asemblea Sinodal da Igrexa en Ourense convídavos aos segrares a que levedes a todos os homes e mulleres, nenos e mozos, enfermos e anciáns dos nosos pobos e vilas o verdadeiro rostro da Igrexa que se visibiliza neste territorio a través de persoas concretas e de institucións: un bispo e uns presbíteros, todos os membros da vida consagrada, as familias cristiás e cada un de vós. Pedímosvos que seguindo o ronsel do papa Francisco, non teñades medo de presentar a esta Igrexa en saída aos indiferentes, aos afastados, aos que perderon a súa fe, mesmo a aqueles que viven outras experiencias relixiosas. Facédelles chegar a idea, feita carne na vosa experiencia, de que a nosa Igrexa é acollidora e samaritana, de que non quere facer acepción de persoas. Unha Igrexa en saída, misioneira, aberta a todos, nos que desexa recoñecer o rostro sufrinte ou glorioso do Crucificado-Resucitado. Unha Igrexa así convértese nunha realidade

fascinante que nos convida a “todos” a vivir a fermosa experiencia da nosa transfiguración en e con Cristo.